

*Review***RUTHERFORD,
John**

London: Francis Boutle
Publishers. 2012. 254 pp.
ISBN 978 1 903427 69 9

*The Power of the
Smile: Humour in
Spanish Culture*

Martín Veiga
University College Cork

Distinguese John Rutherford por ter desenvolvido unha carreira exemplar como docente e investigador tanto no eido dos Estudos Galegos como no hispanismo en xeral. Ben coñecidos son os méritos académicos e os recoñecementos públicos que acadou ao longo dos anos, entre os que se inclúen a medalla Castelao, o Pedrón de Honra e o Premio Trasalba. Ademais de ser profesor emérito da Universidade de Oxford, onde fundou e dirixiu un dos centros de Estudos Galegos máis emblemáticos, é membro de honra da Real Academia Galega e doutor honoris causa pola Universidade da Coruña. Algúns dos froitos máis visíbeis e perdurábeis do seu labor filolóxico atópanse no ámbito da tradución literaria, disciplina que lamentablemente segue sen obter a valorización que merece por parte das autoridades responsábeis das avaliacións da actividade investigadora no sector universitario. Como tradutor literario, Rutherford ocupouse con dedicación e constancia, e con éxito notábel, de trasladar ao inglés clásicos da literatura española como *Don Quijote de la Mancha*, de Miguel de Cervantes, e *La regenta*, de Leopoldo Alas 'Clarín'. Amais das traducións destas dúas grandes novelas canónicas, son tamén dignas de salientar as que levou a cabo no xénero poético, tanto desde o galego como desde o castelán, das que cabe destacar a versión inglesa do poemario *Nimbos*, de Díaz Castro, e, máis recentemente, a edición e tradución dunha escolma de sonetos do século de ouro español, titulada precisamente *The Spanish Golden Age Sonnet*.

Unha das súas preocupacións como tradutor, que se manifestou de maneira especial na súa tradución da obra de Cervantes, xace nos desafíos e dificultades de preservar o sentido do humor, sempre latente con tonalidades diversas neste libro, mais ausente nalgunhas versións inglesas anteriores. A elucidar esta cuestión dedicoulle varios traballos críticos, que dalgún xeito prefiguran a discusión de moitos aspectos tratados no libro que aquí se recensiona. Xa que logo, en *The Power of the Smile: Humour in Spanish Culture* cristaliza un labor de anos que Rutherford dedicou a pensar as orixes do humor, o seu significado tanto individual como social, a súa capacidade para emitir, refutar e cuestionar valoracións con respecto á autoridade, e a

RUTHERFORD, JOHN
*The Power of the Smile:
Humour in Spanish Culture*
Martín Veiga

sutileza empoderadora de manifestacións como o sorriso por riba do riso e da gargallada. De por parte, o libro ofrece un percorrido analítico pola presenza e a función do humor nas artes visuais do medievo e nunha serie de textos canónicos da literatura hispánica medieval e do século de ouro como son o *Poema de Mio Cid*, o *Libro de buen amor*, *La Celestina* e *Don Quijote*.

O primeiro capítulo ocúpase de delimitar os principios fundamentais da relación existente entre o sorriso e o riso, así como a evolución dos seus complexos vínculos ao longo dos séculos en distintos espazos históricos e culturais. Ademais, o capítulo formula unha teoría do humor que se consolida mediante o recurso a ideas procedentes de moitas disciplinas diferentes e se alimenta de traballos previos como os de Sigmund Freud e Celestino Fernández de la Vega. Primeiramente examínanse as causas e os procesos a través dos cales se produce o riso cómico, para a seguir analizar as súas múltiples funcións: pode servir como terapia, como defensa, como elemento reforzador do individuo dentro da comunidade, como instrumento liberador, mais tamén pode ter efectos represores e ser empregado polas autoridades como castigo, como acontecía na execución da xustiza na época medieval. Tamén se exploran as asociacións do riso co poder, coa sexualidade e coa clase social e o decoro, proporcionando moitos e moi acaídos exemplos. Os contrastes entre riso e sorriso agroman no libro inicialmente como froito da discusión das teorías de Fernández de la Vega, mais expáñdense nunha demostración, por parte do autor, dun cabal entendemento dos mecanismos, funcións e significados do riso e do sorriso, tanto na antiqüidade como na época actual. Para establecer os seus límites, Rutherford emprega no libro unha gradación do humor ('fun-spectrum'), que comprende manifestacións como o chiste, a gargallada, a ironía e o sarcasmo, entre outras, con toda unha gama de matices intermedios como a retranca propia de Galicia, que o autor define como 'the defensive weapon of a poor, weak, rural, peripheral people oppressed for centuries by the power of the centre' (36) e ilustra con varios exemplos da obra de Castelao, para logo comparala con outras formas do humor, nomeadamente a *guasa* característica de Madrid e Sevilla.

O segundo capítulo, titulado 'The First Medieval Smile: Daniel in Galicia', esculca na estatua do profeta Daniel, que recibe os peregrinos co seu celebrado sorriso no Pórtico da Gloria da catedral de Santiago. Mediante a comparación con outras representacións de Daniel realizadas na mesma época, tanto en Galicia como noutros países, o autor afonda no posíbel significado dos trazos principais da figura e do seu enigmático sorriso.

Desde este punto, o libro céntrase en traxear a presenza e os usos do humor en textos literarios, comezando polo *Poema de Mio Cid* e confirmando a escaseza de sorrisos en xeral na literatura e nas artes visuais en época medieval. Con todo, danse varios casos ao longo do poema, que son analizados con brillantez. Resulta interesante que a maior parte dos sorrisos na obra sirvan para introducir a intervención dalgunha personaxe en estilo directo, como se o sorriso fose o prólogo amábel dun parlamento dirixido a outra personaxe, normalmente de inferior extracción social, o que indica a importancia do xesto como marca de xerarquía, pero tamén a necesidade de eliminar, a través das palabras, a posíbel ambigüidade do sorriso: 'the smile's multivalency would make it too perilous in the absence of verbal clarification' (89). Ademais dos sorrisos, Rutherford examina outros casos de humor no *Poema*, que con frecuencia exhiben personaxes opostas ao Cid e serven como elementos demarcadores da súa autoridade con respecto a

RUTHERFORD, JOHN
*The Power of the Smile:
Humour in Spanish Culture*
Martín Veiga

estas. Nesta sección demostra os distintos xeitos segundo os cales os cronistas afonsinos eliminaron moitos trazos humorísticos do poema, por consideraren que non eran apropiados para a mentalidade do século XIII.

O capítulo dedicado ao *Libro de buen amor*, que o autor considera como 'the first funny book written in Spanish' (106), comeza cunha reflexión arredor do verdadeiro significado da palabra 'amor' utilizada no título e de como esta se pode referir ambiguamente ao amor espiritual mais tamén ao amor carnal. O *Libro* explota os múltiples ángulos desta ambigüidade xerando situacións nas que o humor transgresor característico da obra se manifesta a través de artificios retóricos, como ocorre no episodio dos amores entre don Melón e doña Endrina. Na súa defensa do humor, argumenta Rutherford, o *Libro* implica a participación do público para que procure o verdadeiro significado da mensaxe que oculta baixo a súa aparente frivolidade, o que revela a sofisticada dimensión moral da obra, que vai alén dun didactismo dogmático e simplista e, amosándolles a complexidade moral da conducta humana, ofrécelles aos lectores a posibilidade de escolla con respecto ao seu comportamento.

O quinto capítulo propón unha análise de *La Celestina* como o libro que representa o apoxeo do riso e que contén abondosos casos nos que as personaxes non só rin abertamente senón que mesmo se rexistra nas páxinas o son do propio riso. Empeza cunha disquisición arredor do xénero da obra para logo estudar o humor que a caracteriza, máis baseado en procedementos verbais que en accións cómicas, que non abundan tanto. A obra non contén ningún sorriso e utiliza outros recursos cómicos como o sarcasmo. Despois de analizar a función das adicións que ampliaron o seu contido desde a orixinal *Comedia* de dezaseis actos ata a *Tragicomedia* de vinteún, céntrase Rutherford na discusión da comicidade presente en aspectos como a morte de Calisto, a bruxaría da Celestina, o aspecto físico de Melibea, a reacción de Pleberio ante a morte da súa filla e a clase social das personaxes nun universo moral en constante transformación.

Pecha o libro o capítulo dedicado a *Don Quijote de la Mancha*, obra que foi obxecto de variadas lecturas ao longo dos séculos, sendo reivindicada, segundo os prismas literarios e ideolóxicos a través dos que se interpretou, como cómica, trágica e humorística. Como exemplo do xeito en que as complexidades da experiencia humana poden ser tratadas mediante o humor, Rutherford presenta o episodio de Grisóstomo e Marcela, tradicionalmente considerado como un conto trágico pero que para o autor representa 'the use of perspectivism as a comical device and of his [Cervantes] fondness for playing intelligent games with his readers' (178). Tamén examina a lectura, con frecuencia solemne, do episodio de Diego de Miranda como un exemplo da negación do humor da novela que se produciu nalgúns casos. Un dos aspectos máis interesantes deste capítulo é a demostración de que no limiar poético do *Quijote*, mesmo ausente en moitas das súas traducións, xace a clave da súa intención humorística. Tamén alude Rutherford a outros elementos que contribuíron á recepción do humor no libro ao longo do tempo, entre as que se inclúen a consideración da loucura e a deformidade física como trazos divertidos, e o tránsito da comicidade ao humor que se produce no libro e que atopa a súa culminación ao final da segunda parte. Nesta transición xogan un papel importante, segundo o autor, a publicación de dous textos: o *Quijote* de Avellaneda e o poema de Quevedo 'Testamento de don Quijote', aos que Cervantes responde humoristicamente na segunda parte. O capítulo conclúe coa análise da presenza de *reyr* e de *sonreyr* na novela e constata que a diferenza entre elas 'did not involve the difference

RUTHERFORD, JOHN
*The Power of the Smile:
Humour in Spanish Culture*
Martín Veiga

between the laugh and the smile, but that between laughing or smiling openly and doing so covertly' (210), o que explicaría a moi escasa presenza de referencias a 'sorrir'.

A conclusión afonda na discusión da evolución do cómico cara ao humorístico, mesmo confirmada, desde o punto de vista lingüístico, polas recentes adopcións de formas como 'humor' e 'sorrir' nas súas modernas acepcións. As notas concéntranse ao final do volume e preséntanse por capítulos precedendo unha bibliografía organizada con moita claridade, o que facilita a consulta. Tamén o índice analítico conta cun nivel axeitado de detalle, converténdose nunha ferramenta útil e non nunha listaxe absurda de dubidosa eficacia.

Para concluír, o estilo sobrio e conciso, a finura analítica, a pertinencia dos exemplos, o ton por veces humorístico e a honesta erudición que exhibe Rutherford constitúen o acompañamento ideal para os temas sobre os que escribe, polo que é imposible ler este libro sen esbozar un sorriso de gratitude.

Tan só unha nota final sobre Francis Boutle Publishers: a casa editorial radicada en Londres amosa un claro compromiso coa literatura galega, como exemplifican a edición da antoloxía *Breogán's Lighthouse: An Anthology of Galician Literature* (2010) e mais da primeira tradución ao inglés de *Sempre en Galiza*, de Castelao, que aínda está no prelo pero que sen dúbida se ha converter nunha publicación de importancia capital para a cultura galega no ámbito anglófono.